

Í N D I C E

páx 5	<i>EDITORIAL</i>
páx 6	<i>SAN PEDRO DE ROCAS, 2ª parte</i>
páx 10	<i>LA IGLESIA DE ROCAS: su conservación</i>
páx 14	<i>CONSEJOS Y RECOMENDACIONES PARA UNA BUENA SALUD</i>
páx 16	<i>OS INCENDIOS FORESTALS: normativa sancionadora</i>
páx 18	<i>EL DÍA QUE ARDIÓ EL CASTELO</i>
páx 20	<i>ESQUEMA DO CONCELLO DE ESGÓS</i>
páx 21	<i>ACTIVIDADES DE LA ASOCIACIÓN</i>
páx 22	<i>A NOSA XENTE</i>
páx 26	<i>CUESTIONARIO PERSONAL "O CASTELO"</i>
páx 27	<i>VIAJE POR LAS AGUAS DEL SIL EN CATAMARÁN</i>
páx 28	<i>JORNADA DE CONVIVENCIA • MAGOSTO</i>
páx 30	<i>EXCURSIÓN A FÁTIMA</i>
páx 32	<i>JUAN DE NOVA O NÓVOA: un descubridor al servicio del rey de Portugal</i>
páx. 35	<i>LETRAS GALEGAS 1996: en lembranza de FERRO COUSELO</i>
páx. 36	<i>O PARQUE NATURAL "BAIXA LIMIA • SERRA DO XURES"</i>
páx. 38	<i>PEREGRINACIÓN • VIAJE CULTURAL A ITALIA</i>



DEPUTACIÓN OURENSE

Edita:

Asociación de Veciños "ROCAS" de Esgos

Maquetación e Fotocomposición:

X.L.V. & N.C., S.C.

Portada:

Documento extraído do Expediente de venda dos terreos circundantes do Mosteiro de San Pedro de Rocas.

Imprime:

Prontaprint!

Depósito Legal:

OR-163/92

“... puidera creerse que nos atopamos na propia Suiza, si as terribles devastacións producidas polos incendios non nos lembraran que estamos en España donde o bosque está proscrito”.

(A. SCHULTEN

“Geschichte von Numantia”, München, 1933)

AÍNDA ESTAMOS A TEMPO. Respetémolo que queda dos nosos montes antes de que Galicia acabe perdendo a súa identidade, xa que esta depende en gran medida de como saibamos conserva-lo contorno mailo patrimonio natural, por constituir xunto coa fala, dúas das características modeladoras da nosa idiosincrasia e particular forma de ser.

O tema dos incendios condúcenos á seguinte reflexión: ¿Por qué esa virulencia e frecuencia de incendios en Galicia?

DEPUTACIÓN OURENSE

É certo que en España os incendios son unha constante histórica, e así nolo fan recordar diversos autores (SCHULTEN, A. MACHADO, etc.); pero nós –os galegos– somos un caso insólito. Por moito que se indague, non é fácil atopar parangón en ningún outro lugar do mundo.

Tampouco os nosos montes, ou as nosas árbores, presentan características tan particulares –si exceptuamo-la súa profusión– que os fagan máis proclives ós incendios que os de outros lugares, a menos que se propicien situacións favorables (abandono, falta de desbroce, etc.).

Non é tampouco unha cuestión de falta de medios materiais para atalla-lo lume, con independencia de que estos sexan precisos e que ás veces resulten insuficientes. É, sen máis, un problema de concienciación cidadán. A solución podería radicar nun programa educativo que sensibilizara á poboación, facéndolle coñecer os aspectos perxudiciais do lume sobre a natureza e a saúde. Unha campaña ben organizada neste sentido –sen improvisacións– quizais fose o máis apropiado de cara ó logro de resultados prácticos.

Tomás Vega Pato

Todo en Rocas impón pola grandeza. A natureza e rochedo, tectónica, que semella arqueoloxía intemporal, e a labrada pola man do home que semella sobrehumana e se integra na tectónica. No monte, que tal é, morea inxente de rocas, o pico e o cicel meteuse dentro do rochedo.



Foto: X. L. Vázquez

4. Arqueoloxía

Houbo que faguer acobello, espacio libre, no corazón da penedía, caso inaudito nos anáís da arquitectura. En ningures arte e tectónica se dan así a man; a rocha viva acibú latexo humano e vida. Se a lousa fundacional do cenobio é do ano 573, o templo hipoxeo ha de ser algún cento de anos anterior.

Son tres naves cavadas na rocha viva, co seu ábside ou *ousia* de arco de ferradura en planta. As lateráis pequenas e desiguais. É mesmo na documentación de Rocas onde se atopa a denominación de *ousia*. Alí onde outros levan cúpula e linterna, leva chimenea afusada, que oficio cumpre de bufarda e lumieira, ó traveso de sete metros de penedo esburo. ¿Habería nalgún tempo necesidade de se camuflar e pechar no interior, facendo de respiro vital e lumieira? ¿Sería a presenza da mouramia razón e causa desta previsión? O feito, único, aí está, con seis ou sete metros de perforación vertical.

Está presente o arco de ferradura, anterior ó visigótico, que xa atopamos, primeiro exemplar na historia da arte, nunha fiestra xémea de arcos de ferradura e alfiz inicial, nunha pedra por nós descuberta no castro de Cerdeira. Aparecen tamén na pilastra tenante do altar, perfectos. Tamén dos castros, vemos o encordado nela, coma na lousa do 573, ademáis ben indicado


o cabo e ser de corda. Nin un, nin outro detalle artístico, se pode, pois, chamar visigótico e menos mozárabe, que un e outro copian arte castreño que ben á beira tiñan, coma en Santa Eufemia, na Siota, San Cibraú... Todos son elementos collidos dos nosos castros. Nesta etapa derradeira tardo romana que cadra co paleocristian. O encordado do tenante e o da lousa fundacional do mosteiro son tal cal e non se poden disociar. A Vázquez Núñez, no BCMO, 2, 54 s. (1902) xa di que se trata de arquiños de tradición romana. O arco de ferradura en fiestra xémea aparece entre nós xa, polo menos no séc. II. Tratamos de amosalo nun traballo que por malas fadas non saíu aínda á luz.

Hai outro feito de nota en Rocas. É o *mapa mundi* que nunha cousela da nave esquerda, aparece sobre o enlucido. É o mundo coñecido dos "Beatos" do séc. X, con Europa, Asia e África; cos apóstolos *in situ*, espallados; con lendas de Hispania, Monte Faro, etc., todo orlado de romboides, pintado ó fresco e xa moi esvaído e deteriorado.

Por todas partes, pisamos aquí sartegos antropoides; sabiamos dos 8 exteriores, que mesmo queren gatear polo rochedo, mais tamén dentro do ástrago e templo do Renacemento, que su do hastial asoman. Excavado o subsolo, a boa profundidade, todo son enterramentos antropomorfos, incluso algún dentro do espacio

hipoxeo. Outros dous hai, medievais, con talla de cabaleiros de boa feitura. Deica non hai moito, todo estivo abandonado á súa sorte. Sobre deles, un relevo que amosa a alma levada ó ceo por un anxo.

Hai outra arte da natureza aquí, ciclópea, que Barros Sibelo xulga menhires. Monolitos erguidos pola tectónica e a erosión das edades, en parafitas, que ben puideron os nosos devanceiros precristiáns ter utilizado coma verdadeiros símbolos profilácticos e menhires. A natureza llo daba feito e posto *in situ*. Nun destes monolitos, monumental pedestal, ergueron a espadaña, cavando paso arcado ó vieiro que adiante leva cara Loña e ó cañón do Sil. Impresionante mirador. Na esquerda da portada lateral, renacentista, do templo exterior e éstrago, hai longa inscrición do XVI, informativa.



5. Traxectoria de San Pedro de Rocas

Non podemos seguir todo o vaivén da historia deste cenobio coa súa traxectoria e vivencia humana, relixiosa e cultural. Avatares na fraga, perdido na mouramia, redescuberto por un cabaleiro, Gemondo, e revivido no séc. IX. Tres veces ardéu o que era mosteiro; no séc. X arderon as vellas escrituras informativas e

testemuñadoras, haberes e facenda. Así sabemos, pola escritura do 1007 o labor de cultura levado a ramo polo mosteiro de Rocas ó traveso de séculos. En pleno séc. X, era escola da contorna, no que os alumnos por descoido, deixaron prender lume (per negligentiam puerorum qui ibi scola aduc degentes litteras legebant, domus ipsa ab igne de nocte est sucensa, et sic ipsam domum cum alio plurimo et obtimo ganato et ipsas firmitates et scripturas... ibi sunt concrematas). Así o di; por negligencia dos nenos estudantes que adeprendían letras na escola... Dá a entender que o edificio mosteiral era grande e contigua toda a estrebariza dos animais.

Aínda se respondía nos derradeiros tempos: "*Vaillo perguntar ó abade de Rocas*". Certo é que tiveron sona de sabios. De notar é a linguaxe usada nas escrituras, de características especiais, culta e distinta de outros mosteiros. ¿Qué estamento civil tiña conta coas *letras*, coma S. Pedro de Rocas, xa no século X, ou Celanova no 1002, cando nun e noutro mosteiros había estudiando unha *turba puerorum degentibus in scola*?

O influxo de Rocas sobre a contorna está por estudar, e non somente espiritual, senón cultural, social e económico. Abaixo do mosteiro, poñen os monxes graña-escola agropecuaria. Aínda se conserva a casa da *Coutada*, cuio centro foi. Cultivaron o *esparto* e ensinaron arte de *cordame* e tecidos. No camiño da *Riboira Sacrata* fica de testemuña do cultivo extensivo o *Espartedo*. Deron comezo nas *terras de Esgos* e veciñas, a esa artesanía por eles ensinada, do cordame e derivados, tan común deica onte mesmo, e levada por nativos, con ocupación ambulante, deica o sur de Portugal e de España. Merece un libro, en parte xa escrito por Fidalgo Santamaría. Pois aquí nacéu, porque tamén da *seda*, que compre na *peneira fina*, se fala nas escrituras, de Rocas é de Xunqueira de Espadanedo e de todo o Sil.

A morte de Rocas, nunca rico en haberes materiais chega coa exclaustación e desamortización de Mendizábal. Morte tamén cultural e do progreso.. foi no ano 1835, cando a Coutada arredor do mosteiro foi ó mellor ou máis amigo postor. Aínda se pode ver todo o muro rubindo outeiros e baixando vaguadas.

Non era moito. Tratándose de monxes bieitos, alí o que houbo polos séculos foi *ora et labora*. Non somente o espírito, senón tamén a intelixencia e o corpo. Fica o sempre interrogante templo furado no rochedo, a parte exterior cos enterramentos e o campanario. Fica o derradeiro edificio prioral e abaixo ruínas de dependencias que foron, e a casa da Coutada, dende o século XIX en maus alleas.

Enriba, seguía a rectoral e eirexa da freiguesía, deica o ano 1929. A 2 kms. do poboado, da Quinta e da Cernada, atobado na soedade da fraga, termou un señor abade co seu criado deica fináis dos 20, máis dunha vez roubado. Nese ano volveu arder e houbo de coller pra Quinta do Monte, onde se fixo eirexa nova e parroquial. Moí logo, monte a enfesto seguiron as cinsas dos defuntiños, devanceiros e monxes. Algún levaría máis de 1750 anos inhumado.

Non era grande a Coutada, máis si ben aproveitada e de certo para ben de todos. E libre de toda xurisdición allea, por concesión real; de aí o nome. Na Coutada vivía nos anos 40 un señor con dúas criadas; labrego rico, coelas se entendía. Tiña facenda e porcos; sementaba patacas e millo; de pan tiña sempre dúas medas, unha que deixaba sempre "*ó traspaso pra año seguinte*". Daquela xa en Rocas non había vida, máis aínda, cada 11 de xullo, baixaba da Cernada en procesión o San benito, e se lle faguía a festa coma de antigo. Enchíase de xente, de pregos e oración; as gorbias e os outeiros de balbordo e doces aires de gaita. Arredor da fonte pétrea, onde a auga pinga crara e pura, había merendas e festa. Despóis todo foi silencio e soedade.

Alguén me di: "*Cántas veces eu paséi neses anos 40, a pé e andando, e tamén de a cabalo, vindo de Esgos polo pé do monte Castelo e pasando su do campanario, cara Lobaces. No cerrado á esquerda, por frente do mosteiro, había un colmear e unha casíña ou paleira en pé*".

Levaba o camiño eremítico, aberto había máis de 1.500 anos cara o cañón do Sil, fuxindo do mundo da Vía Nova romana. Vieiro creador da Ribeira Sagrada e de centos de anos da nosa historia. Logo, tamén rompen camiño cara a Quinta, polo que un monxe

atende a labregos e pegureiros. Hoxe todo é monte, silva e selva.


Na lonxanía, hai 40 anos, sen estradas no mapa, soñaba cómo chegar a Rocas. Foi unha tarde dende Ourense, andando. En Covas me guiaron: "*Élle el, tralo monte*". Polo vello camiño rubín e ademiréi a ciclópea marabilla na soedade. Cáixeque 60 anos antes, chegara aquí, dende *Santa María de Esgos*, tamén de Inglaterra, Lady Annette M. B. Meakin. En "*G Galicia the Switzerland of Spain*" nos deixou, animado e colorista, o viaxe a San Pedro de Rocas; "*the most ancient monument of Christian art which the province contains*".

San Pedro de Rocas é un deses lugares nos que un, de pronto, fica mudo, a interrogante a flor de labio. Na soedade primixenia, abismal e ciclópea, todo semella misterio. Degoro por descubri-lo. Rocas, o vieiro empedrado, "*vía sacra*" *monacal*; o camiño da Quinta, o *castrum Litorie*, as *Mouras* e *Sto. Tomé de Su Alba, Esgos, A Loña, Riboyra Sacrata...* Debaixo da pedra, da terra e foucegata, polo sendeirismo dos vellos vieiros, se atoba a nosa historia. Un reto acuciante nos agarda.

SAN PEDRO DE ROCAS


*Un día xa lonxano, chegou un eremita,
sen máis ca alma no corpo atormentado,
onde o peso do mundo é monolítico.
Rumor houbo de picos e de escodas,
con canto silandeiro e prego no seu labio.
Foron máis e máis, onde só gravita o eterno,
e as palas foron "laura" e foi un templo.*

*E foi pasando o tempo; pasaron xarameas...
Somente laia o vento no silencio,
que o pasado e as rochas laian quedo.
Que esperte o espírito
e escoite o seu lamento.*



Vellas rutas

(Mapa Catastral 1942)



FACHADA DE LA IGLESIA PARROQUIAL - Estado en 1985

Es el año 1985 en el que redactó un primer proyecto, con una pequeña inversión para conservar la iglesia de S. Pedro de Rocas. Con excepción del interior de las capillas hipogeas, que se encuentran en bastante buen estado por su protección frente a la intemperie, el resto de la edificación se encuentra en un estado lamentable. De la construcción añadida que servía de atrio a las capillas y que hasta bien entrado este siglo fue iglesia parroquial, sólo quedaban en pie sus muros que acusaban un desplome de la vertical y tenían algún trozo de lienzo arruinado.

Sobre las capillas hipogeas, justamente encima del lucernario que las ventila e ilumina, quedaban en pie los muros de una construcción, muros cuyos perfiles manifestaban la forma última que tuvo esa pequeña

edificación y que mostraban que o bien ésta no llegó a rematarse, o que debido a un derribo de parte de sus muros se ejecutó sobre ellos una cubierta sin llegar a reconstruirlos.

La forma y perfiles de estos muros indicaban con claridad la forma, el volumen, y la inclinación de sus aguas que la cubierta tuvo en su estado más reciente. Forma y volumen que no se alteraron y se respetaron.

Las obras que se ejecutaron fueron pues para conservar, evitando su ruina, las edificaciones cuyos muros, aunque desplomados, aún quedaban en pie. Por ello se realizó una estructura rígida que permitió cubrir estas construcciones: la antigua iglesia parroquial y la existente sobre el lucernario. Estructura que además

sirve para arriostrar los muros que aún se conservan en la iglesia parroquial evitando su ruina a causa de su desplome.

Las obras se proyectaron sin ánimo de reconstrucción y tratando de consolidar la forma última que debió de tener la construcción.

Sólo fue objeto de reconstrucción una pequeña zona del encuentro de muros en ángulo de la iglesia parroquial, para permitir el apoyo de la cubierta y conseguir el arriostramiento de los muros. Se dejó, no obstante, una notoria junta que señala con claridad la parte reconstruida.

Durante esta primera fase de las obras se efectuó una excavación arqueológica en el suelo de la iglesia parroquial en el que se presumía la existencia de enterramientos. Aparecieron entonces una serie de tumbas excavadas en la roca viva similares a las existentes en el exterior. La excavación se amplió al suelo de las capillas hipogeas, lo que permitió además recuperar su nivel primitivo. Quedaron entonces a la vista los arranques de los arcos de entrada, que se hallaban enterrados, y se facilitó el acceso a las capillas por resultar una mayor altura de los huecos.

En el año 1992 se redacta un segundo proyecto en el que se prevé la consolidación de lo existente y el estudio y restauración de los restos escasos que quedan de


la pintura románica de la capilla del lado izquierdo. Restos que corresponden a un Mapa Mundi basado en los "Beatos" manuscritos de la época y por tanto de gran interés, y que quedan protegidos mediante un cristal para evitar su deterioro.

Como consecuencia de la excavación arqueológica en lo que fue iglesia parroquial, quedan al aire las tumbas que están excavadas en la roca viva. Para hacer visitables las capillas y visible este aglomerado atípico de distintas épocas se ejecutó una pasarela de acceso a las capillas, que permite la visibilidad y el tránsito sobre estos enterramientos.


El recinto exterior, para sanearlo, se enlosó utilizando las piezas procedentes del suelo de la iglesia y se reparó el murete que lo delimita y la escalera de acceso.

Con todas estas obras se mejoró el conjunto en su aspecto, se atajó el estado de ruina y se efectuó una intervención que se entiende "blanda", sin añadidos ni reconstrucciones de importancia y sin desvirtuar el conjunto, pero sí potenciando los valores singulares e inmatrimoniales que sin duda alberga.

DEPUTACIÓN
OURENSE




PROYECTO DE RESTAURACIÓN



SECCIÓN - Estado en 1985

proyecto básico y de ejecución		
el propietario	el arquitecto	
proyecto: RESTAURACIÓN DE IGLESIA DE SAN PEDRO DE ROCAS fecha: 1981-85		
propietario: CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN Y CULTURA		
emplazamiento: PEDRO DE ROCAS (ESBOZOS-ORENSE)		
plano nºs SECCIÓN B-B' (Estado actual) escala: 1:50		
EMILIO FONSECA MORETON - ARQUITECTO		




DEPUTACIÓN OURENSE

proyecto básico y de ejecución		
el propietario	el arquitecto	
proyecto: RESTAURACIÓN DE FABRICAS Y PINTURA MURAL DE S. PEDRO DE ROCAS fecha: 1981-85		
propietario: JUNTA DE SALUGA CONSELLERÍA DE CULTURA		
emplazamiento: SAN PEDRO DE ROCAS - ESBOZOS (ORENSE)		
plano nºs SECCIÓN B-B' escala: 1/50		
EMILIO FONSECA MORETON - ARQUITECTO		

PROYECTO DE RESTAURACIÓN

SECCIÓN: Nuevas cubiertas, pasarela, recuperación del nivel de piso en las capillas.



proyecto básico y de ejecución

el propietario el arquitecto

proyecto: RESTAURACION DE FABRICAS Y
 pintura mural de S. PEDRO DE NOGAS
 propietario: JUNTA DE SALIDA COMPLETURA DE CULTURA
 emplazamiento: SAN PEDRO DE NOGAS - ENDOG (OURENSE)
 plano nº2 PLANTA ANTIGUA IGLESIA PARRO- escala 1/500
 QUESADA Y GARCIA
 EMILIO QUESADA GARCIA - ARQUITECTO

PLANTA ANTIGUA IGLESIA PARROQUIAL Y CAPILLAS

PROYECTO DE RESTAURACIÓN
 Planta excavada y pasarela

Es una realidad que la frecuencia de las enfermedades alérgicas está aumentando en nuestro entorno; al menos una de cada cinco personas padece o padecerá en el transcurso de su vida algún trastorno de esta naturaleza.

La ALERGIA es una reacción o sensibilidad exagerada a sustancias que no perjudican a la mayoría de la gente. Tiene lugar cuando una de estas sustancias (Alérgenos), provoca la reacción del sistema inmune de defensa y como consecuencia se produce inflamación.

Parte fundamental de nuestras defensas son los anticuerpos, que se unen a agentes nocivos para el organismo y facilitan su destrucción, protegiéndonos de las infecciones. La mayoría de las personas alérgicas producen una cantidad excesiva de un tipo de anticuerpo, que es la Inmunoglobulina E, la cual al unirse al alérgeno desencadenan la reacción alérgica, pudiendo comprometer cualquier parte del organismo aunque más frecuentemente se afecta la nariz, los pulmones, la piel y los ojos. Aparte existen otras alergias no mediadas por Ig E.

Los Alérgenos inhalatorios más comunes se encuentran en los granos de polen de los árboles, hierbas y plantas; en el polvo de la casa, especialmente los ácaros, en los mohos y hongos de la humedad y en los animales domésticos. Otros Alérgenos son algunas drogas y ciertos alimentos, especialmente el pescado, los huevos, la leche y las nueces; también algunos cosméticos, tintes, plumas, la lana, el níquel, cromo, caucho, pegamentos, etc.

Las picaduras de abeja y avispa pueden causar reacciones muy graves en algunos casos.

No se hereda una alergia sino la predisposición a contraerla. A esa predisposición la denominan los Alergólogos, constitución atópica. Nos hacemos alérgicos a ciertas sustancias con las que estamos en contacto. Al proceso por el cual un individuo pasa de tolerar una sustancia a desarrollar alergia frente a la misma, se denomina

sensibilización.

Objetivos principales en el estudio y tratamiento de las enfermedades alérgicas son identificar y evitar los Alérgenos responsables de los síntomas en el individuo.

RECOMENDACIONES:

Alergia a los animales

El pelo, escamas, plumas, orina, heces de los animales, constituyen una fuente importante de Alérgenos.

• Si un miembro de su familia es alérgico, como medida preventiva se deben apartar los animales del hogar (perros, gatos) aún cuando no se haya descubierto que la alergia se deba a esos animales en particular, lo cual ayuda a prevenir el desarrollo de alergias adicionales.

• Deben evitarse las telas y tapetes hechos con pelo de animal.

Alergia al polvo casero

• Limpie diariamente la casa, sin levantar polvo.

• Procure prescindir de alfombras, moquetas y cortinas.

• Evite el exceso de muebles y objetos decorativos.

• El dormitorio deberá limpiarse con el aspirador diariamente y contendrá los muebles indispensables siendo preferibles de madera o metal. El colchón y la almohada deben ser sintéticos (evite la lana, plumas, guata...) y deben estar cubiertos por una funda lavable. Elimine los objetos de trapo o peluche.

La alergia al polvo casero generalmente es debi-

da a los ácaros del polvo; éstos son unos insectos microscópicos los cuáles no representan problema para la mayoría de las personas con la excepción de algunos enfermos alérgicos a los que les desencadenan síntomas respiratorios.

- Los ácaros no sobreviven a la sequedad. Ventile bien las habitaciones cuando no llueva; lave la ropa a temperatura mayor a sesenta grados y exponga la ropa al sol.

Alergia a los insectos (Himenópteros)

- Lleve siempre consigo el tratamiento de emergencia, si su médico se lo ha recomendado.

- Revise las áreas próximas a su domicilio donde pueda haber nidos de abejas o avispas y haga que los eliminen.

- Si trabaja en alguna finca o en el jardín, cubra su cuerpo utilizando gorro, guantes, pantalones y camisa de manga larga.

- Si las abejas o avispas revolotean a su alrededor, no sople ni realice movimientos bruscos; aléjese con la cabeza inclinada.

- Evite los huertos, lugares con abundantes flores, árboles frutales y zonas donde existan restos de comidas.

- Cuando viaje en motocicleta ponga guantes y casco.

- No utilice perfumes, lacas, cremas o champús aromáticos.

- No use ropas de colores brillantes o negra.

En caso de picadura, al comienzo de los síntomas alérgicos utilice la medicación recomendada. Acuda lo antes posible al Centro médico más próximo. Si la picadura es en las extremidades colóquese un torniquete por encima del punto de la picadura, aflojándolo cada cinco minutos.

En caso de picadura de abeja, extraiga el aguijón, sin exprimirlo contra la piel; coloque hielo o compresas frías.

Alergia a los mohos y hongos

Los hongos del moho viven en ambientes húmedos. Las esporas (células reproductoras de los hongos) constituyen un contaminante ambiental difícil de eliminar, incluso el polvo casero puede contener gran cantidad de las mismas.

- En su hogar debe evitar las humedades por goteras, filtraciones de tuberías y no usar humidificadores.

- A veces ciertos alimentos que están contaminados con moho como por ejemplo el queso, la fruta seca, vinos o cerveza, pueden dar lugar a una reacción alérgica.

- Las personas alérgicas a los hongos del moho evitarán las salidas al campo en épocas de cosecha y lugares donde los mohos proliferan (hojas secas, troncos de madera, vegetación espesa).

- Procure no salir al campo en la época de polinización (primavera y principios de verano) y no tenga plantas en el interior de su casa.


- Si tiene alergia a las gramíneas, no debe cortar el césped.

- Mantenga las ventanas de casa cerradas para evitar que el viento introduzca el polen, especialmente durante los días secos y cálidos en los que hay gran cantidad de polen en el aire. Es aconsejable airear la ropa de casa por las mañanas cuando el nivel del mismo es más bajo.

- Si viaja deberá llevar las ventanillas cerradas y si su vehículo dispone de aire acondicionado deberá circular con el circuito del aire cerrado al exterior.

- Resulta beneficioso el traslado a zonas marítimas cuando las molestias son muy intensas pues la brisa marina hace que el aire esté más libre de pólenes.

- Recuerde que puede ser necesario tomar medicación preventiva en la época de polinización.



OS INCENDIOS FORESTAIS:

NORMATIVA SANCIONADORA

José Manuel Baltar Blanco

Agás o suposto da Comunidade Autónoma de Galicia, resultados positivos que todos coñecemos, no resto do Estado español déixase nota-la falla de prevención e a errónea política forestal mantida durante décadas. É urxente a posta en marcha dun plan para a reforestación das zonas afectadas e destinar parte dos fondos de cohesión para o medio ambiente da Unión Europea –cifrados en 60.000 millóns de pesetas– á recuperación da superficie queimada.

Destrución de hábitats, deforestación, perda de diversidade biolóxica, contaminación das augas e da atmosfera, incremento do risco de erosión e desertización son algunhas das graves consecuencias da queima dos bosques españois, segundo un estudo do Fondo Mundial para a Natureza (Adena/WWF). Desde o punto de vista ecolóxico, o principal problema que supoñen os incendios forestais é a perda de solo e a desaparición da cuberta vexetal, todo nun país con 27 millóns de hectáreas afectadas pola erosión (o 53% da superficie total do territorio).

O castigo das condutas dos pirómanos ten unha dobre cobertura no ordenamento xurídico español, que de seguido paso a comentar:

A. NO EIDO PENAL

Coa Lei 7/87 introdúcese unha reforma, en relación ó delito de incendio, no Código penal español. Castígase a quen incendiare “mieses, pastos o plantíos” se o dano causado excedese de 250.000 pts. Asemade, ó que incendiare montes ou masas forestais, imponéndose unha pena máis grave si existira perigo para a vida ou integridade das persoas, sendo a pena imposta no seu grao máximo se alcanzase unha especial gravidade pola concurrencia de determinadas circunstancias (superficie afectada de considerable importancia, graves defectos erosivos nos solos, alteración significativa das condicións de vida animal ou vexetal e a destrución ou grave deterioro dos recursos afectados).

B. NO EIDO ADMINISTRATIVO

Conforman o bloque normativo de loita contra os

incendios forestais a Lei 81/1968 e o seu Regulamento (Decreto 3769/1972), completándose na Comunidade Autónoma coas resolucións que, anualmente, dicta a Dirección Xeral de montes e medio ambiente natural da Consellería de agricultura, gandería e montes da Xunta de Galicia.

As faltas administrativas en materia de incendios forestais poden ser **leves** (exemplo: non manter os camiños limpos de resíduos, deixar abandonados restos combustibles ou susceptibles de provocar combustión –vidrios, botellas, papeis...–), **graves** (ex: encender lume sen adoptar as debidas precaucións, arrojar fósforos ou puntas de cigarros en ignición...) e **moi graves** (ex: abandonar un fogo antes de que esté totalmente apagado, queimar vertedeiros de lixo sen a debida autorización...). Ditas faltas poden ser sancionadas con multas de ata 5.000 pts. as leves, ata 50.000 pts. as graves e ata 500.000 pts. as moi graves. Correspondelle á administración autonómica a incoación, instrución e resolución dos expedientes sancionadores nesta materia.

A xeito de comentario persoal, significar que non por moitas multas se solucionan os problemas plantexados. A existencia dun procedemento sancionador é unha das vías de actuación, cunha efectividade infinitamente inferior á amosada naqueles supostos onde se produce unha decidida actuación administrativa e a solidariedade da cidadanía, cononada pola inexcusable colaboración entre as administracións implicadas.

ANEXO: RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E M.A.N. SOBRE MEDIDAS PARA PREV. ANO 1996. (Diario Oficial de Galicia Nº 241 • Marte, 19 de decembro de 1995).

**CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES**

Resolución do 7 de decembro de 1995, da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, sobre medidas para prevención de incendios forestais durante o ano 1996.

De acordo co disposto na Lei 81/1968, do 5 de decembro, sobre incendios forestais, no seu vixente Regulamento, do 23 de decem-

bro de 1972, e no Regulamento, do 23 de decembro de 1972, e no Real decreto 1535/1984, do 20 de xuño, polo que se lle transfere á Comunidade Autónoma as competencias en materia de conservación da natureza, co obxecto de previr a aparición e propagación de incendios nos montes galegos, esta dirección xeral considera conveniente establecer e recorda-las seguintes normas:

1. Ámbito de aplicación.

As prohibicións e limitacións ás que se refire esta resolución serán de aplicación en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Prohibicións.

—Botar mistos prendidos ou puntas de cigarros sen apagar en terreos con risco de incendio forestal.

—Botar lixo, restos industriais ou de calquera clase que supoña perigo de incendio forestal.

—Botar foguetes, globos ou calquera outro artefacto que poida producir ou conteña lume, salvo en festas locais e coas debidas precaucións e autorización municipal, que se lle remitirá ó Servizo de Defensa contra Incendios Forestais, indicando ademais o día e a hora así como as medidas adoptadas polo concello para minor-lo risco de incendio forestal.

3. Época de máximo perigo.

Declárase época de máximo perigo de incendios a comprendida entre o 15 de xullo e o 30 de setembro deste ano, que poderá modificarse se as circunstancias así o aconsellan.

4. Prohibición en época de máximo perigo.

—Prender lume ó aire libre en toda clase de terreos forestais ou agrícolas, incluídos os traballos nos que se utilice o lume.

—Facer lume por parte de excursionistas ou grupos de acampadas fóra das zonas habilitadas para tal fin. O resto do ano, os excursionistas ou grupos de acampadas que teñan que facer fogueiras elixirán os lugares sen risco de propagación do lume o monte, preferentemente as zonas habilitadas para tal fin, adoptando as máximas precaucións e realizando sempre a fogueira no centro dun círculo, redeándoa de polo menos 5 metros de radio, espido de vexetación, e asegurado a total extinción do lume antes de abandonalo lugar.

5. Comunicacións e autorización de queima.

Fóra da época de máximo perigo, é dicir, o resto do ano, para a realización de traballos agrícolas e forestais nos que sexa imprescindible facer uso do lume, será obrigatorio:

1. Comunicacións. Para queima de residuos agrícolas amoreados, que se presentará cunha antelación mínima de 1 día.

2. Autorizacións. Para:

- a) Queima de residuos forestais, amoreados ou non.
- b) Queimas controladas (mato, pastos, chousumes, etc.).
- c) Caquerea outro tipo de queima, agás as incluídas no apartado 1.

Presentaranse cunha anticipación mínima de 2 días.

3. As comunicacións e solicitudes de autorización presentaranse, coa anticipación prefixada, nas oficinas provinciais e nas comarcas do Servizo de Defensa contra Incendios Forestais ou ós axentes forestais adscritos ó devandito servizo.

4. As autorizacións para queima serán outorgadas, se procede, polo persoal correspondente do Servizo de Defensa contra Incendios Forestais (SDCIF), establecéndose nelas o día ou días

nos que se autoriza a realización da queima, e observando, en todo caso, as seguintes precaucións:

A) O lume non se iniciará antes de saí-lo sol e quedará totalmente extinguido 2 horas antes do momento da súa posta.

B) Previamente ó inicio do lume, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos 5 m de largo, rodando o perímetro que se vai queimar.

C) Non se poderá iniciar ningunha queima nos días de vento e se, iniciados os traballos, se produce a aparición deste, suspenderase inmediatamente a operación, procedendo a apaga-lo lume.

D) Non se abandonará a vixilancia da zona queimada, ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen 2 horas sen que se observen lapas ou brasas.

E) En toda queima autorizada deberase contar co persoal e co material suficiente para o seu debido control.

6. Os axentes forestais dos servizos da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural quedan facultados para controlar-lo cumprimento desta resolución, así como para denunciar calquera transgresión dela.

7. Calquera transgresión desta resolución será sancionada coas multas establecidas na vixente lexislación de incendios forestais, sen prexuízo da responsabilidade penal en que poida incorre-lo infractor ou os infractores.

8. Toda persoa que advirte a existencia ou a iniciación dun incendio forestal deberá intentar extingui-lo coa máxima rapidez, se a distancia ó lume e a súa intensidade o permiten; en caso contrario, deberá informar polo medio máis rápido posible ó Servizo de Defensa contra Incendios Forestais (teléfono 085, gratuito) ou á Garda ou ó axente de autoridade máis próximo, tendo en conta que as oficinas telefónicas, telegráficas ou radiotelegráficas transmitten con carácter urgente e gratuito os avisos de incendios forestais que reciben, sen máis requisito que a previa identificación de quen os facilita (Art. 10 da Lei de incendios forestais).

9. Se con motivo dos traballos de extinción de incendios forestais fose necesario, a xuízo da autoridade que os dirixa, entrar en predios forestais ou agrícolas, así como utiliza-los camiños existentes e realiza-los traballos adecuados, incluso abrir devasas de urxencia ou anticipa-la queima de determinadas zonas que, dentro de unha normal previsión, se considere que van ser consumidas polo lume, aplicando un contralume, poderá facerse aínda cando non se poida contar coa autorización dos propietarios respectivos. Nestes casos informárase o antes posible á autoridade xudicial para os efectos que procedan (Art. 14.1ª da Lei de incendios forestais).

10. As autoridades poderán tamén utiliza-las augas públicas ou privadas aínda que se opona o seu propietario, na cantidade que se precise para a extinción do incendio, e igualmente poderán utilizar redes de comunicación con carácter prioritario (Art. 14.2ª da Lei de incendios forestais).

11. Serán denunciadas e sancionadas, se procede, as persoas que, sen causa xustificada, se neguen ou se resistan a presta-la súa colaboración ou o seu auxilio á autoridade ou ós seus axentes para a extinción dun incendio despois de seren requeridos para isto (Art. 12.2ª da Lei de incendios forestais).

Santiago de compostela, 7 de decembro de 1995.

Carlos del Álamo Jiménez

Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

EL DÍA QUE ARDIÓ EL CASTELO

Juan Pulgar Fernández

Fue un día de abril, el día de Sábado Santo. Durante toda la noche ardió el monte. El viento cimbrea los árboles como si fuera un campo de trigo. Los vecinos de la Meiroá anduvieron de un lado para otro, preocupados por el crepitar del fuego y por el riesgo que entrañaba el viento que traía las luminarias hasta cerca de sus casas. Muy de mañana, solicitaron ayuda. La campana de la iglesia tocaba a rebato. Sin más, nos presentamos allí a socorrer a nuestros convecinos y amigos. Se salvó la situación, pero a mediodía el Castelo, el símbolo de nuestra revista, comenzó a arder por los cuatro costados. Las llamas, sin piedad, lamían las laderas, dejando entrever un espectáculo dantesco. El Castelo, como el coloso de la película, estaba en llamas.

Pero ahí está, enhiesto surtidor de sombra y sueño, como el ciprés de Silos, que cantaba el poeta Gerardo Diego.

Y voy a utilizar los versos de otro poeta, Antonio Machado para dar un aldabonazo a la mentalidad de la gente, sobre todo, los pirómanos, que ejercen un trabajo, el de quemar el monte, aunque con ello sean los responsables de que se pierdan las riquezas del país, y lo que es más, vidas humanas.

Antonio Machado, en Campos de Castilla, en el poema "Por tierras de España", XLIC, publicado en 1912, nos hace saber que ya existía:

"El hombre de estos campos que incendia los pinares y su despojo aguarda como botín de guerra..."

Ríos de tinta han corrido y seguirán corriendo tratando de explicar lo inexplicable, esto es, el motivo o los motivos para quemar el monte. Trataré de argumentar algunos:

a Se dice que son los propios campesinos: podría ser, pero me parece difícil, sobre todo en estos momentos. ¿Qué ganarían los agricultores? Poca cosa. Ahora, no es necesario quemar

el monte para ganar campos de cultivo, pues sobra tierra que cultivar como consecuencia de la emigración.

b Se oye que son los cazadores para quemar la maleza en donde se esconde la caza. Hablando con ellos, no les parece una buena medida, pues el fuego además de destruir la maleza, espanta la caza, destruye huevos de aves, mata animales pequeños que no pueden escapar del fuego, etc.

He oído comentar algunas veces que son los países nórdicos ricos en madera los que pagan a personas para hacer daño y tener que comprar madera a dichos países. Me parece muy sibilino. Es cierto que en los países escandinavos la riqueza forestal es enorme, bosques de hayas, pinos, abetos, todo lo invaden. Pero para que un árbol alcance una altura de 20 metros y un diámetro de 20 cm., es decir, sea apto para su explotación es necesario un período de 90 años en el sur y de 150 años en el norte del país, debido a la climatología adversa.

En Suecia, el bosque cubre la mitad del país. Cada habitante dispone de 600 pinos y 720 abetos en la proporción habitante/árbol. Los aserraderos se multiplican por doquier, los ríos bajan cargados de troncos. La madera es tratada con la maquinaria más moderna. Suecia produce el 7% de la pasta de papel del mundo. La madera cortada representa el 8% de la producción mundial. A este ritmo, la renovación del bosque se ve amenazada. El Estado ha tomado medidas para su conservación, protegiendo los árboles en su crecimiento, estudiando la aclimatación de espacios con árboles más productivos, etc.

En Finlandia, la madera constituye el 90% de las exportaciones. El bosque representa el tesoro máspreciado del país y por ello la ley impone a todos los propietarios la obligación de asegurar una renovación continua de sus bosques, el llamado "oro verde".

En consecuencia, no ganan nada los países del norte de Europa —ricos en bosque, aumentando sus ventas en España, suponiendo que así fuera— pagando para destruir nuestra riqueza forestal.

d El valor de la madera. Es la causa más extendida. En 1994 Greenpeace expresó la idea de que algunos grandes incendios están relacionados directamente con la industria de la madera, para hacer bajar los precios. Basa esta acusación en que los años de grandes incendios coinciden inmediatamente después con los años en que los precios de esta materia prima han sido elevados.

El Ministerio de Agricultura rebate esta acusación, achacando el problema a factores climáticos, indicando que los veranos más dramáticos, como el de 1994, coinciden con vientos poco propicios, muy secos y fuertes: los de Poniente en Levante, los del Este en Galicia y los del sur en la cornisa cantábrica.

La COSE (Confederación de Organizaciones de Silvicultores de España) difiere de la causa expresada por Greenpeace, dando otros argumentos: el abandono rural, el caótico aumento de la superficie y masa forestal y la falta de rentabilidad.

Sin embargo, en el informe elaborado por ADENA "Extracciones de madera 1947-1993, hace constar que la madera aprovechable de los incendios alcanza el 84% de la que se quema, siendo el pino rodeno el más perjudicado, cuyo precio se reduce considerablemente.

Sea la causa que sea, el caso es que en 1994 se dieron 23.000 incendios, frente a los 17.500 del año anterior. Por Comunidades Autónomas, la nuestra figura en primer lugar —después de varios años de franco descenso, convirtiéndose en modelo a seguir en la lucha contra el fuego— seguida de Andalucía y Valencia.

Ante la magnitud de la tragedia, se hizo una encuesta a nivel nacional, de la cual entresaco algunas ideas que nos deben hacer pensar. Un asturiano de 75 años proponía campañas con mensajes sencillos como éste: "Los árboles son tan importantes que el último viaje lo haremos en cama de madera" o el de un joven de Castellón: "Ejército profesional, se paga a un grupo de personas para vigilar y apagar incendios. Por cada fuego que haya se le descuenta x pesetas de su sueldo."

El pirómano que incendia el bosque debe cobrar, supongo, una cantidad, no sé si importante o no, pero no se da cuenta que es pan para hoy pero hambre para mañana. Después de un incendio ¿qué queda? Machado nos lo dice:

"Veréis llanuras bélicas y páramos de asceta..."

No se da cuenta que está hipotecando su propio futuro y el de sus propios hijos, pues, cuando no queda nada que quemar qué va a hacer, qué va a dejar. Machado nos presenta el futuro que nos espera:

*"Hoy ve a sus pobres hijos huyendo de sus lares
y la tempestad llevarse los limos de la tierra
por los sagrados ríos hacia los anchos mares
y en páramos malditos trabaja, sufre y yerra..."*

Nos encontramos ante un círculo vicioso, sin árboles no hay lluvia y sin lluvia no hay árboles.

Quizás sean pocos los que tengan presente que un simple jarabe para la tos, la píldora anticonceptiva o el hilo para coser tuvieron su génesis en esta flora, ahora amenazada. Sin ella, muchos de nuestros hábitos y necesidades se verían alterados.

La desaparición del área forestal supone el fin del pulmón terráqueo y la desestabilización del clima. La ausencia de masa arbórea altera el ciclo de lluvias y provoca riadas que arrasan todo lo que encuentran a su paso, pues no existe vegetación que pueda frenarlas o detenerlas.


Al final, si se esquilma el mar, si se contaminan los ríos, si se quema el monte ¿Qué herencia dejaremos? ¿Serán irreparables los daños causados sobre el suelo? Machado ya no *"irá soñando caminos de la tarde"* ni verá *"los álamos dorados del camino"* sino que verá:

*"... tierras para el águila, un trozo del planeta
por donde cruza errante la sombra de Caín"*

Nuestro astronauta Manuel Díaz Alegría decía que desde el espacio la Península Ibérica se veía marrón. Cómo se va a ver si no queda casi vegetación. Qué lejos estamos de aquella crónica medieval que decía que toda Castilla estaba llena de árboles escribiendo: *"una ardilla podría pasar de La Rioja a Andalucía sin tocar el suelo"*.

ESQUEMA DO CONCELLO DE ESGOS

NÚCLEOS DE POBOACIÓN E
ALTITUDES MÁIS IMPORTANTES



MOVIMIENTO PARROQUIAL EN ESTE AYUNTAMIENTO DE ESGOS EN LOS AÑOS 1985-1994 • 10 AÑOS

D. José Ramón Garrido

PARROQUIA	BAUTIZADOS	MATRIMONIOS	DEFUNCIONES	HABITANTES*
Santa María de Esgos	26	12	62	344
Sta. Eulalia de Esgos	5	2	4	77
S. Pedro de Pensos	26	11	45	277
S. Pedro de Rocas (Quinta)	8	2	39	186
Sta. M ^a de Villar de Ordelles	35	20	73	544

* Según la Guía de la diócesis del Año de 1990

ACTIVIDADES DE LA ASOCIACIÓN



1º Tuvo lugar a finales del mes de marzo de 1995 la **Asamblea general de socios**, aprobándose las cuentas, presupuesto y memoria de las actividades realizadas.

